

d) A simboloxía da cuncha do peregrino (*Codex Calixtinus* I, XVII)

Sunt igitur pisces quidam in beati Iacobi mari, quos vulgus *ueras* uocat, habentes duos clipeos ex utraque parte, inter quos, uelut inter duas testas, piscis in effigie ostree latet. Qua scilicet testa uelut digiti manus sculpuntur. (...) Peregrini a beati Iacobi liminibus redientes in capis suis consuunt¹ et ad decus apostoli et memoriam eius, in signum tanti itineris ad propria deferunt cum magna exultacione.

Similiter non absque re oratores a sancti Iacobi liminibus reuertentes crusillas gerunt. Per duos igitur clipeos quibus piscis ex utraque parte munitur, duo caritatis precepta designantur (...), id est Deum super omnia diligere et proximum suum sicut seipsum amare. (...) Clipei uero qui in modum digitorum aptantur, opera bona, in quibus eiusdem uere portitor perseuerare debet, designantur. Et pulcre per digitos opera bona designantur, quia per illos operamur cum aliquid facimus.

Piscis, -is: molusco	děcūs, oris, n.: gloria, honor
běātus, a, um: feliz, abundante, rico.	Ad propria: á súa casa
Iacobus, -i: Santiago	děfěro, fers, ferre, tuli, latum: 1. levar dun lugar elevado a un máis baixo, levarse, arrincar 2. presentar, acordar 3. revelar 4. denunciar, facer saber
vūlgus, vōlgus, i, n. : público, masa	Exultacione = exultatione
Ueras: otro de los nombres de las conchas. También se les llamaba "veneras", relacionadas con la diosa Venus. Tanto de "ueras" como de "veneras" derivaría la palabra "vieira"	Non absque re: no sin fundamento
Clipeus, -i: coraza	Orator, -oris: peregrino
ūtěrque, utraque, utrumque: un e outro, ámbolos dous	rěvērtōr, rěvōrtōr, eris, i, reuersus sum: volver, regresar
velut: como	Crusilla, -ae: cuncha de peregrino, vieira
Testa, -ae: tejuela, cuncha	mūñō, is, ire, iui, itum: resgardado, defendido, fortificado, protexido
In effigie: con aparencia de	Precepta = praecepta
Ostree = ostreae	Praeceptum, -i: precepto
Ostrea, -ae: ostra	Proximus, -i: prójimo
lătěo, es, ere, latui: agochase	āpto, as, are: adaptar, unir - preparar, dispoñer
scīlīcēt, adv.: evidentemente, sen dúbida, isto é	Uere=uerae
līměn, inis, n.: umbral, entrada	Portitor, -oris: portador
Capa, -ae: capa	ōpěřōr, aris, ari, atus sum: obrar, traballar en, ocuparse en
cōnsūo, is, ere, sui, sutum: coser, unir, formar	

Textos sobre o Camiño de Santiago (IV) (tomados de F. Lillo, *Caminus stellarum. El Camino de Santiago en Latín*, Madrid, Ediciones Clásicas, 1999)

¹O obxecto directo de *consuunt* son as conchas dos peregrinos.

Por que a vieira é o símbolo do peregrino?

O bordón, a cabaza e a vieira. Estes son os tres símbolos do peregrino por excelencia. Mais só un identificaba ao camiñante que, tras alcanzar a súa meta, regresaba ao seu lugar de procedencia. Falamos da cuncha, un elemento que co paso dos séculos se convertiu en símbolo de xenerosidade, unha virtude que, desde o momento no que se chegaba o final do Camiño, debería acompañar ao camiñante o resto dos seus días.

Co paso dos séculos, a cuncha de vieira pasou a ser un símbolo máis da ruta xacobeá, un feito que comezou a popularizarse a partir do auxe das peregrinacións nos séculos XI e XII (...)

Pero, que convertiu á cuncha deste molusco nun símbolo do Camiño? Existen moi diferentes teorías, mitos e lendas sobre as súas orixes. A máis aceptada é que a cuncha foi utilizada como un vaso natural perfecto. Os peregrinos que chegaban a Santiago as recollían para beber nos mananciais e ríos no camiño de regreso.

Existen outras teorías máis simbólicas que ven na vieira unha estilización da pata dunha oca, símbolo para moitas tradicións antigas de recoñecemento iniciático. E outras incluso apuntan á vieira como símbolo de Venus, representación do renacer dunha persoa, a súa resurrección e, polo tanto, da superación da morte e tamén do ego (egoísmo e egocentrismo) para dar paso ao auténtico eu (sinxeleza e humildade).

Por suposto tamén existen lendas vinculadas aos milagres do Apóstolo. Con diversas variantes, a máis extendida é a que conta como un cabaleiro, mentres paseaba pola praia, viu aproximarse un barca a punto de naufragar. Disposto a prestar a axuda aos que serían inevitablemente próximos náufragos, o cabaleiro dispúxose a cabalgar entre as augas cando, de repente, unha onda xigante o arrastrou ata o fondo do mar. Véndose perdido invocou a Deus e, nese instante, sentiu unha forza sobrenatural que o enviaba cara á superficie, arrastrádoe ata a beira. Cando se viu a salvo e en terra, comprobou que a barca era a que transportaba os restos do Apóstolo e que tanto el como o seu cabalo estaban completamente cubertos de cunchas de vieira. A salvación do cabaleiro considerouse un milagre do Apóstolo Santiago polo que, desde ese momento, vieira e Apóstolo quedaron unidos para sempre e a cuncha pasou a ser o símbolo máis importante dos peregrinos.

A pesar de todas as suposicións, o único certo é que a súa orixe como símbolo peregrino non está nada clara e que non existe ningunha teoría aceptada ao cento por cento. Do que si non hai dúbida é que a venda destes obxectos foi un negocio moi lucrativo na cidade de Santiago. Na porta de Azabachería, onde se asentaron os artesáns, vendíanse de chumbo, óso, marfil e metais fermosos. O negocio foi tan próspero que rapidamente foi regulado pola Igrexa –que se quedaba co 33% das ganancias– e mesmo se chegou a prohibir a súa venda fóra de Compostela, baixo pena de excomuñón.

(cidadedacultura.gal)